



Concello de Navia de Suarna

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (UN PEÓN CONDUTOR) A CONTRATAR POR ESTE CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA CON CARGO Ó PROGRAMMA “FOMENTO DO EMPREGO 2019” DA EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO.

1.-OBXECTO.

1.1. Constitúe o obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa para a contratación, polo sistema de concurso e con suxeición á lexislación laboral, dun peón condutor.

As funcións a desenvolver serán as de limpeza e desbroce de accesos a núcleos de poboación e de camiños e pistas municipais, todas elas funcións que constitúen servizos obrigatorios a prestar por tódolos Concellos.

Esta contratación realízase con cargo ó Programa “Fomento do Emprego 2019” que a Excm. Deputación de Lugo ven de implementar a través do seu Plan Único para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo


1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso.

1.4. As bases desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Navia de Suarna, na súa sede electrónica e na páxina web da Excm. Deputación provincial de Lugo.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos laborais a formalizar coas persoas seleccionadas serán de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado, de conformidade co disposto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o





Concello de Navia de Suarna

Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores. Este contrato terá duración hasta o día 30 de setembro de 2020.

O persoal a contratar será: Un peón condutor para realización dos traballos especificados na base primeira.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

f) Permiso de conducir: Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

h) Estar en situación de desemprego. De acordo co establecido no último párrafo do artigo 8.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 “É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior





Concello de Navia de Suarna

ao 50% da xornada, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello.

4. SOLICITUDES.

Unha vez sexan preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá e estean interesados, a solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo I das presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse ao Sr. Alcalde, no prazo de **cinco (5) días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que sexan citados polo Servizo Galego de Colocación para personarse no Concello de Navia de Suarna. Estes traballadores desempregados figurarán na comunicación ao Concello**

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- Carnet de conducir en vigor, tipo B.
- Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Relación, segundo a orde que se establece na base 7ª, dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na citada base.

As instancias e demais documentación presentaranse no rexistro xeral do Concello, a través da sede electrónica do Concello na seguinte


dirección:

<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concello de Navia de Suarna

A Praza nº1, Navia de Suarna. 27650 Lugo. Tfno. 982365166. Fax: 982365112
e-mail: concello.naviadesuarna@eidolocal.es



Cod. Validación: AXN7QF7F3HG6TXY5WSHXQMF6 | Corrección: https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



Concello de Navia de Suarna

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **tres (3) días hábiles**, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios, sinalándose un prazo de **tres (3) días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro municipal de Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome, apelidos e DNI dos aspirantes. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcrito o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

6. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN.


O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica. Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.





Concello de Navia de Suarna

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre os dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

7. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o concurso

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:


a) Experiencia profesional. Máximo dez (10) puntos

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,10.

b) Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,05.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial, tomando como referencia corenta horas á semana.





Concello de Navia de Suarna

Para acreditar os méritos sinalados neste apartado achegarase copia compulsada dos contratos de traballo ou documento de toma de posesión e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Estes documentos poderán ser substituídos por un certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

Os servizos prestados que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo de presentación de instancias.

8.- RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

En caso de empate de puntuacións se resolverá a favor do aspirante que acade maior número de puntos en traballos para a administración pública, caso de empate, o concurso resolverase a favor do aspirante que obteña maior puntuación en traballos na empresa privada. Se persiste o empate, resolverase a favor do aspirante que presentara primeiro a solicitude de participación no concurso.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta do candidato que obtivera maior puntuación para a formalización do correspondente contrato.

co fin de asegurar a cobertura deste posto, caso de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, formarase unha relación complementaria co resto dos aspirantes.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración desta contratación.

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/a candidato proposto para seren contratados deberán achegar no prazo de dous días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a/o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún





Concello de Navia de Suarna

dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

10.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e procederase á formalización do correspondente contrato de traballo.

11.- IMPUGNACIÓN.

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e da actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados nos casos e forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Tribunal Cualificador queda facultado para a resolución de cantas incidencias e cuestións se susciten no desenvolvemento do proceso selectivo.

Diligencia.- Exténdoa eu, Secretaria, para facer constar que as presentes Bases resultaron aprobadas por Decreto da Alcaldía de 29 de xullo de 2020. Conste





Concello de Navia de Suarna

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Navia de Suarna <https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE PEÓN CONDUCTOR NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SXISTEMA DE CONCURSO, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019.

D/^a.....provisto
de DNI nº, con enderezo
en.....C.Postal.....
Municipio.....,
Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Navia de Suarna para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, dun peón conductor ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego 2019.


DECLARO:

Primeiro.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condición esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

Segundo.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, dque non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas:

Concello de Navia de Suarna

A Praza nº1, Navia de Suarna. 27650 Lugo. Tfno. 982365166. Fax: 982365112
e-mail: concello.naviadesuarna@eidolocal.es



Cod. Validación: AXN7QF7F3HG6TYXYSWSHXQMF6 | Corrección: <https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



Concello de Navia de Suarna

-No caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, ó acceso ó emprego público.

Terceiro.- Que autorizo ó Concello de Navia de Suarna para a publicación dos meus datos personais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do Concello e calquera outro medio que se estime, ó ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Cuarto.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a seguinte documentación.

tachar o que proceda

- DNI, PASAPORTE OU TARXETA DE RESIDENCIA
- Permiso de conducir, clase B, en vigor
- Relación de méritos alegados

